

O GALEGO SERVE PARA ENTENDER NOS



Puxémoslle nome ás persoas: Suso, Maruxa,...
apelido: Vázquez, Nogueira, e alcume: o
Bichoguizo, a Rachaoferro,

Puxémoslle nome ás nosas árbores: amieiro,
freixo,...



e apelidos: Carballa da Rocha, Castiñeiro da
Capela,...

Botamos aturuxo arroutadas,....

e damos



colo,



apertas,

Puxémoslle nome ás froitas: pexego,
mazá,



Aos arbustos: silva



, xesta



As nosas herbas: camariña
herba de namorar, ...



As comidas: grelos,
cacheira



Puxémoslle nome aos insectos: vagalume,



escornabois,



Aos peixes: xouba, ollomol ,



e aos mariscos: vieira, zamburiña,....



As nosas praias: de Rodas,
A Rapadoira,



As serras: O Larouco, A Capelada, ...



Aos montes: A Zapateira, O Galiñeiro, ...

As rochas: Pena Corneira, A Pedra de Avalar, ...

Aos ríos: Toxa, Xallas,...



Aos pobos: Soutelo, Peroxa,



Aos males: Mal de Olló, O Arangaño,...



Aos nosos medos: A Santa Compañía,
O Negro Meigallo,...



Aos nosos heroes: O Foucellas,
Roi Xordo,...

N

Aos monstros: Sacauntos, Fendetestas



As vacas: Marela,



Xeitosa,

Aos disfraces: Peliqueiro, Boteiro, ...



Aos sentimentos: morriña, agarimo, ...



Aos santos: A Franqueira, O Corpiño, ..



As nosas festas: A Rapa das Bestas,
O Magosto, ...



A musica: os alalás, a chouteira,
Aos xogos: a billarda, a porca,



As partes do corpo: as costas, os xeonllos, ..



Aos paxaros: paporrubio, rula,...



Ao vestido: saia, polaina,...



...e agora veñen que para que serve o galego,
pois e obvio, para entendernos.



Xosé Manuel Atanes Limia

